

OIE ESO

Mínimos esixibles:

- Comprender o concepto de empresa e da persoa emprendedora e valorar o seu papel como axente xera dor de riqueza e motor económico.
- 2. Valorar a importancia do asociacionismo como fonte de dinamización social, e como un medio de sumar esforzos e compartir ideais.
- 3. Coñecer os trazos básicos das actitudes, calidades persoais e as capacidades que constitúen a base do espírito emprendedor.
- 4. Identificar as propias capacidades e intereses para a toma de decisións sobre estratexias persoais de formación e inserción laboral.
- 5. Coñecer estratexias de xeración e maduración de ideas emprendedoras.
- 6. Definir os aspectos xerais e os elementos necesarios para levar a cabo un proxecto emprendedor, tendo sempre respecto polo medio.
- 7. Realizar actividades que contribúan a mellorar as capacidades de traballo en equipo, negociación, resolución de conflitos e planificación.
- 8. Desenvolver no alumnado a iniciativa persoal, a autoestima, a creatividade.
- 9. Buscar, seleccionar e interpretar información, utilízala de forma crítica e responsable de acordo co fin perseguido e comunícala de forma organizada e intelixible aos demais.
- 10. Empregar as novas tecnoloxías da información e a comunicación como ferramentas de traballo eficaces na vida cotiá.
- 11. Utilizar as linguas estranxeiras como medio de comunicación necesario no mundo globalizado actual.

Criterio de cualificación:

85% Traballos e proxecto.

15% Actitude e comportamento, pero esa nota de actitude tamén poderá ser negativa, co cal restará en vez de sumar. E ademáis como nota negativa non terá límite máximo.

Procedementos de avaliación:

O sistema de avaliación nesta materia consistirá na valoración periódica deses traballos e fichas elaborados polos alumnos, sobre todo do proxecto final. Só este proxecto será o 50% da nota final do Obradoiro. A actitude e comportamento tamén serán evaluables: 8,5 puntos como máximo por traballos e proxecto, e 1,5 puntos positivos como máximo por actitude e comportamento. Pero esa nota de actitude tamén poderá ser negativa, co cal restará en vez de sumar. E ademáis como nota negativa non terá límite máximo.